# FONTES DE RIQUEZA OCULTAS na ribeira do Lérez

Tomás Ares Güimil

# Desenrolo sostenible

- É o desenrolo que tenta satisfacer as necesidades actuais das persoas sen comprometer a capacidade das futuras xeneracións para satisfacer as súas.
- Ten implicacións de índole económico, social e ambiental.

# A sostenibilidade e o río Lérez

- Vinte solicitudes de minicentrais.
- Seis minicentrais de Cerdedo a Cotovade.
- Gratuidade das materias primas.
- Modelos de medio ambiente: artificial, artificioso e natural.
- Dicotomía economía privada-economía social e sostenible.

# A sostenibilidade: implicacións

- A sostenibilidade é un dos principais retos do planeta no século XXI.
- A sostenibilidade implica incorporar políticas de responsabilidade social e ambiental na xestión da empresa privada.
- O ámbito local é o marco fundamental para o desenvolvemento da sostenibilidade.



# O turismo e a sostenibilidade

- O turismo é un dos sectores de máis rápido crecemento. Hoxe é xa a primeira industria mundial.
- Europa é o continente con máis intensidade turística.
- O vencellamento entre turismo e medio ambiente é cada día máis estreito.
- O turismo na súa expresión territorial non se centra só na estructura de aloxamento, afecta igualmente á xestión de espacios, paisaxes e recursos naturais como a auga.

# A sostenibilidade e a demanda turística

- As tendencias actuais da demanda turística oriéntase cara a un turismo segmentado baseado na natureza, na conservación do patrimonio natural e nos recursos histórico-culturais e de outros elementos que conforman o medio ambiente.
- Unha integración ben adaptada do turismo xenera beneficios de orde social para todos.
- A conservación da natureza e do patrimonio mediante a inversión de fondos públicos nos mesmos posibilita que sexan utilizados no beneficio da poboación de forma sostible.


Concello de Campolameiro
Río Lerez
Concello de Cerdedo
N
S. Xurxo de Sacos
Sta. Mª de Sacos
Río Lerez
Corredoira
Caroi
Viascón
Carballedo
Concello de Forcarei
Río Almofrei
Rebordelo
Tenorio
Loureiro
Río Barbeira
Valongo
Borela
Concello de A Lama
Almofrei
Concello de Pontevedra
Augasantas
Concello de Pontecaldelas
Río Verdugo

# As fontes “ocultas” do desenrolo dos Concellos da ribeira do Lérez

- Os hábitats fluviais
- As fervenzas
- Os salmóns e os remansos do río, as troitas
- O patrimonio: os petroglifos, as calzadas romanas, as vellas pontes, os sendeiros e os muiños
- A biodiversidade e a vexetación de ribeira
- As fontes termais
- O desenrolo sostenible da ribeira do Lérez ha de basearse necesariamente nestes recursos non tan “ocultos”



# O turismo de saúde e cultural como base do desenrolo sostenible

- A industria hoteleira vencellada ás fontes mineiro-medicinais, o termalismo moderno.
- O patrimonio arqueolóxico, coa creación do Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, cos Centros de interpretación e Documentación da Arte Rupestre.
- O turismo rural, de aventura e o sendeirismo



# Balneario de San Xusto: historia

- O coñecemento destas augas vén de moi antigo.
- Ata mediados do século XVIII só existían unhas charcas ó pé do río.
- Logo construíronse unhas pías de pedra sen abrigo ningún que quedaban asolagadas coas enchentes.
- No ano 1.915 o Concello fixo o balneario: un depósito de pedra e unha caseta para quentar a auga.
- No ano 1.934 o balneario deixou de funcionar como tal.
- Con esta auga chegou a facerse un xabón de sales.

# Balneario de San Xusto: xeoloxía, caudal e temperatura

- Abrollan nunhas rochas ó pé do Lérez, por dúas nacentes, aínda que houbo unha terceira xa perdida.
- O caudal é moderado.
- Temperatura morna: 22º C



# Augas de Fentáns ou Faróns

- Situadas na ribeira do río dos Calvos, afluente do Lérez, nun terreo moi costento.
- Pertencen ó lugar de Fentáns, da parroquia de San Xurxo de Sacos e lindan co lugar de Faróns, aldea de Praderrei en Campo Lameiro.
- Son tres fontes próximas entre si, de pouco caudal.
- Son augas frías, de aspecto lixeiramente branco-leitoso, con olor e sabor fortemente sulfuroso.


# Auga da Cabada

- Situadas en Parada, a carón do río Lérez.
- Son augas sulfuradas e fluoradas.
- Indicadas para pel e aparello dixestivo.



# A sociedade do ocio

# Entorno socio-cultural (I)




- O progreso científico, tecnolóxico e socio-económico producido no século XX nos países desenvolvidos, xerou a chamada sociedade do benestar e do ocio.
- Como consecuencia desta evolución:
  - A estructura do ocio variou sustancialmente, pasando dunha única vacación de verán a realizarse diversas vacacións curtas ó longo do ano e incluso a dedicar un tempo diario ó ocio. Prodúcese polo tanto un importante efecto de desestacionalización.
  - Búscanse novos obxectivos de ocio diferentes ós tradicionais (hotel, praia, etc.), é dicir, prodúcese un fenómeno de diversificación.


# Entorno socio-cultural (II)

- Esta sociedade que resolveu en gran medida as necesidades básicas dos seus cidadáns e convertiu estas necesidades básicas en dereitos, presenta sen embargo, problemas relacionados cos estilos de vida dominantes na mesma. Esto combínase cunha maior preocupación pola prevención da saúde e a imaxe:
  - O ritmo de vida actual conleva a xeralización de problemas de estrés, ansiedade, depresión, etc... É dicir, aparecen novos problemas.
  - A autoimaxe, a apariencia xuvenil, a condición física, convertíronse en factores de especial importancia na sociedade actual. É dicir, aparecen novas necesidades.

  O recente auxe dos balnearios e establecementos semellantes encádrase dentro da importante tendencia de desenvolvemento das actividades relacionadas co ocio, a prevención da saúde e o benestar.


# Entorno económico: evolución recente

- Produciuse un cambio na estructura do consumo privado en España De feito, as partidas non destinadas a satisfacer necesidades básicas pasaron de representar o 29% en 1.970 a representar o 48% en 1.995.
- Cada vez máis, un maior porcentaxe da renda disponible se dedica á satisfacción de necesidades non básicas como o ocio e o turismo.



# Entorno demográfico

- A estructura da poboación española está experimentando unha rápida evolución.
- Envellecemento da poboación. O tramo máis numeroso da poboación vaise desprazando aceleradamente:
  - Estaba arredor dos 20 anos en 1.990.
  - Situarase arredor dos 35 anos en 2.005.
  - A previsión é que se atope arredor dos 50 anos no ano 2.020.
- Esta tendencia ten unha gran influencia nas opcións de ocio máis demandadas polo público.



# A Sociedade do Ocio e Benestar

- Os problemas presentes na civilización actual fan xurdir nos individuos necesidades prioritarias: relaxación, prevención, revitalización, coidado da imaxe...

- A satisfacción destas necesidades debe realizarse, sen embargo, dentro das novas concepcións ocistas.

- Xurde así un novo subsector dentro do ocio:

**O OCIO SAUDABLE OU BENESTAR**

# Turismo de Saúde

- Balnearios
- Centros de Talasoterapia
- Corhoteis
- Resorts
- Spas
- Wellness Centers
- Beauty Farms
- Outros

# Competencia

**Para describir a competencia, hai que realizar unha primeira segmentación segundo o tipo de auga do que se dispoña.**

## Balnearios

Según a lexislación vixente para ter esta consideración é preciso dispor de **auga mineiro-medicinal** declarada de utilidade pública, servicio médico e instalacións axeitadas.

## Talassos

Empregan para os seus tratamentos **auga de mar**.


## Hidroterapia-Spa

Empregan para os seus tratamentos **auga** corrente ou **do grifo**.

# Os Spas urbanos en Estados Unidos: oferta

- En USA hai uns 5.689 establecementos catalogados como Spa.
- En 1.999 realizáronse aproximadamente 90,7 millóns de visitas a Spas.
- O 41% do total do espacio ocupado polos Spas dedícase a tratamentos médicos e o 24% a beleza.
- En 1.999 os ingresos totais dos Spas foron de 5 billóns de dólares. Os principais servicios de ingresos foron: tratamentos, beleza e *retail*.
- Os Spas en USA dan emprego a 151.000 persoas, o 69% contratadas a tempo completo.

# O mercado dos Spas urbanos en Estados Unidos: demanda



# Os Spas urbanos en Estados Unidos: tendencias



# O termalismo en Europa: oferta

- Número de balnearios por país:
  - Alemaña: 330
  - España: 128
  - Italia: 350
  - Francia: 104
  - Portugal: 39
  - Rusia: 4.519

# O termalismo en Europa: oferta

- Nº total de visitas a termas: 20 millóns en 1.999.
- Nº total de pernoctacións: 120 millóns con estancia media de 6 días.
- Tarifa media: supera un 20% a dun hotel normal.
- Rendabilidade dos balnearios por país:
  - 1º. Alemaña, Suíza e Finlandia
  - 2º. España e Italia
  - 3º. Portugal e Francia

# O termalismo en Europa: presente e futuro

**SITUACIÓN ACTUAL**

- Declive do producto tradicional
- Pouca innovación e renovación de servicios e infraestructuras
- Non integración do producto: Balnearios-Termas e Hoteles diferenciado
- Dependencia subsidios
- Cliente máis sofisticado: búsqueda da calidade

**O FUTURO**

- Converxencia da Europa Termal
- Termalismo de Salúde enfocado ó wellness
- Diversificación da oferta balnearia-termal
- Especialización
- Diferenciación: auga mineral natural
- Cultura, natureza e saúde: complementos do wellness

**CLAVES DE ÉXITO**

- Calidade
- Innovación
- MKT/Mix diferenciado
- Protexer a auga mineral natural
- Asociacionismo termas
- Creación de circuítos de wellness
- Integración de servicios

# O Turismo de Saúde en España: oferta balnearia

- A finais de 2.002 contabilizábanse un total de 93 Balnearios legalmente constituidos e en funcionamento.
- As prazas de aloxamento ofertadas ascendían a 12.439.
- O 16,9% da capacidade hoteleira balnearia estaba en galicia, o 14,8% en Cataluña e o 12,6% en Aragón.
- No extremo oposto atopábanse:
  - Asturias cun balneario de 69 prazas hoteleiras.
  - Baleares cun centro de 36 prazas.
  - Canarias cun centro de 36 prazas.
  - Madrid que non dispón de balneario algún.

# O turismo de saúde en España: tendencias da oferta

- Categoría balnearios: un 5% está en hoteis de 4 e 5 estrelas, o resto en 3 estrelas e menos.
- Categoría Centros Talasoterapia: 80% en hoteis de 4 e 5 estrelas.
- Categoría Spa ou Centros de Saúde e Beleza: 85% en hoteis de 4 e 5 estrelas.

*(Datos do ano 2.000)*


# O turismo de saúde en España: demanda


- Existe un importante auxe do termalismo, con modernización e ampliación dos centros convertíndoos en centros "vacacionais de saúde" e aparición do **Turismo de saúde**.
- Motivo de visita ás termas: curativo, preventivo, de relax e disfrute duns días de ocio e tranquilidade.Hai un incremento de clientes mozos e sans que buscan unha forma de ocio diferente.
- As mulleres son o segmento máis numeroso: 63%. Homes: 37%.

# O turismo de saúde en España: tendencias competitivas

- Nos vindeiros anos a oferta de turismo de saúde experimentará profundos cambios por mor do crecemento da demanda e a apertura de novos centros.
- Os balnearios tenderán a ofrecer servicios de valor engadido ás augas termais: golf, instalacións deportivas, turismo natural, etc., é o que chamamos **"termoludismo"**.
- O segmento de talasoterapia e saúde e beleza continurá incorporándose á oferta dos complexos turísticos como reclamo para a clientela.
- A medio prazo é previsible que os complexos hoteleiros con categoría superior a tres estrelas incorporen, de modo sistemático, servicios de SPA na súa oferta.

# O turismo de saúde en España: Perfil do cliente.




**El perfil de edad de nuestros clientes es bastante similar al que se prevé para la población española, lo cual plantea unas buenas perspectivas de cara al futuro de nuestro negocio.**



# O turismo de saúde:

## posicionamento na dobre vertente **ocio/saúde**




• Balnearios • Talasoterapia • Hidroterapia-Spa

# Balneario moderno: centro de novo tipo

- Con un compoñente eminentemente lúdico, capaz de xenerar benestar e saúde; polivalente e multifuncional e, en definitiva, capaz de proporcionar calidade de vida mediante a producción de satisfaccións.
- Este Centro, además das instalacións para o emprego da auga nas súas vertentes lúdicas e terapéuticas, posúe instalacións complementarias como clínica, servicios de masaxe, estética, rehabilitación, fitness, etc.

# Centros tipo

- ÁREA MÉDICA / REHABILITACIÓN
- ÁREA DE TRATAMENTOS
- ÁREA ESTÉTICA
- ÁREA CLUB TERMAL
- ÁREA CIRCUITO TERMAL
- ÁREA FITNESS
- ÁREA ATÍPICOS
- ÁREA ECOBAR
- ÁREA DEPORTIVA E ANIMACIÓN